

Carta á Ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Santiago de Compostela, abril de 2023

Estimada Ministra Teresa Ribera,

Recentemente representantes da Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica, de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), da Sociedade Galega de Ornitoloxía e de Bierzo Aire Limpo mantivemos unha xuntanza telemática coa directora do Instituto de Transición Xusta, Laura Martín Murillo, para transmitirle a nosa preocupación polas consecuencias que o actual desenvolvemento das enerxías renovábeis, quer a eólica, están a ter sobre a diversidade natural e os servizos ecosistémicos.

Fixemos especial fincapé nos danos irreversíbeis que pode causar nos ecosistemas da Cordilleira Cantábrica a aplicación dos artigos relativos ao desenvolvemento de proxectos de enerxía renovábel dos Reais Decretos-Lei 6/2022 e 20/2022 e a tardanza na ampliación da Rede Natura 2000 en territorios como Galiza, incumprindo o mandado europeo.

Desta volta dende ADEGA queremos achegarlle, como nos comprometemos na antedita xuntanza, un argumentario no que expoñemos as razóns polas que a implantación das enerxías renovábeis en Galiza está a xerar forte controversia e resposta social, o que para nós constitúe un exemplo de “**transición inxusta**”.

Pregámoslle que considere as cuestións expostas no documento adxunto con vistas á planificación do desenvolvemento das enerxías renovábeis en Galiza. E atendendo ás consideracións realizadas neste informe demandámoslle unha **moratoria na aplicación dos Reais Decretos-Lei 6/2022 e 20/2022** no que atinxe á tramitación de proxectos de xeración de enerxías renovábeis no territorio da nosa Comunidade Autónoma.

Cos nosos mellores cumprimentos,

Roi Cuba, Presidente de ADEGA

Asinado electrónicamente,

P.D. Fins Eirexas, secretario técnico

Consideracións de ADEGA aos Reais Decretos-Lei 6/2022 do 29 de marzo e 20/2022 do 27 de decembro no que atinxe á tramitación ambiental de proxectos de enerxías renovábeis e a súa incidencia en Galiza

As razóns dunha “inxustiza ambiental” para con Galiza

Ao longo do ano 2022 o Goberno do Estado modificou substancialmente mediante dous Reais Decretos-Lei (RDL) o trámite ambiental que debían seguir os proxectos de xeración de enerxía a partir de fontes renovábeis, concretamente a eólica e a solar. Son os RDL 6/2022 do 29 de marzo e RDL 20/2022 do 27 de decembro. O primeiro, modificado polo RDL 11/2022 e tramitado posteriormente como Proxecto de Lei foi substituído polo RDL 20/2022. A aplicación destas normas poden derivar en graves consecuencias para o patrimonio natural galego polas especiais circunstancias que concorren en Galiza.

As consecuencias do RDL 6/2022:

O **Real Decreto-Lei 6/2022**, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína, publicado no BOE núm. 76, o 30/03/2022, inclúe no seu capítulo III a eliminación da tramitación ambiental contemplada na Lei 21/2013 de avaliación ambiental, de proxectos de enerxías renovábeis de competencia estatal (>50 MW) e até 75 MW de potencia (para parques eólicos) e 150 MW (para parques solares), substituíndoa por un "informe de determinación da afección ambiental". Este documento, se é favorable para a empresa solicitante, sería equiparábel a unha DIA (Declaración de Impacto Ambiental). Quedan exentos da aplicación deste novo trámite os parques eólicos mariños, sexa cal for a súa potencia, que seguirán aténdose ao establecido na Lei 21/2013.

O novo procedemento elimina tamén a participación da cidadanía, o que podería colisionar coa normativa de impacto ambiental da UE –que garante a participación real do público interesado desde o inicio do proceso– e co Convenio de Aarhus sobre acceso á información, participación pública na toma de decisións e acceso á xustiza en materia ambiental, do que España é parte. Obviando a participación pública, aprobaríanse proxectos con potencial impacto ambiental –e que poden supor a expropiación forzosa dos terreos–, sen garantías procesuais suficientes e eliminando o dereito previo a manifestar a disconformidade que tiñan no momento oportuno as persoas e comunidades afectadas. O Goberno de España tamén introduciu neste RDL 6/2022 a posibilidade dun procedemento "expreso" ou de urxencia para os proxectos de enerxías renovables que obteñan este "informe de determinación ambiental" favorable. Para estes redúcense á metade os prazos, tanto os de tramitación como os de exposición pública, unificando procedementos (informes sectoriais, autorización previa, proxecto de execución, utilidade pública...) e mesmo considerando favorábel a falta de resposta dalgún organismo.

Un agravio comparativo para Galiza:

As condicións establecidas por este RDL 6/2022 para os proxectos "exentos" de avaliación de impacto indican que o "informe de determinación da afección ambiental" en substitución da declaración de impacto ambiental, só é aplicable a aqueles parques con menos de 15 quilómetros de liñas de evacuación, menos de 75 MW de enerxía eólica (ou 150 MW de solar), que non estean na Rede Natura 2000 nin no mar, e que se encadren dentro das zonas de sensibilidade "baixa" e "moderada" da **"Zonificación do contorno para o implantación de enerxías renovables"** elaborado polo propio Ministerio. Posteriormente o RDL 11/2022, de 25 de xuño (polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa de La Palma) excluíu tamén (art 1.1) as zonas de sensibilidade “moderada” da aplicación do novo trámite.

Porén, o mapa de “zonificación” elaborado polo MITERD sen participación pública e definido como *“un enfoque metodolóxico orientativo para descubrir dende as primeiras fases as condicións ambientais asociadas ás localizacións dos proxectos”* aplícase no caso deste RDL coma se fora un instrumento territorial

de planificación para determinar as zonas máis e menos sensíbeis para a execución de proxectos eólicos e fotovoltaicos. Divide o territorio do Estado en zonas de sensibilidade "baixa", "moderada", "alta", "moi alta" e "máxima" a partir dunha serie de indicadores que poden ser "excluintes" ou "ponderadores". Entre os primeiros atópanse zonas urbanas, masas de auga, Rede Natura e outros espazos protexidos, humidais, núcleos das Reservas da Biosfera, zonas críticas para a conservación de espazos (con planos aprobados), Camiño de Santiago e vías pecuarias.

A aplicación desta ferramenta como criterio territorial non está exenta de eivas. Unha delas é o propio carácter da "zonificación", que para o MITERD, tal como recolle na súa web ("resumo executivo"), é unha "*simplificación da realidade para poder coñecer o territorio dende un enfoque xeral e estratéxico*". Utilizar esta ferramenta de simplificación e incorporala nunha norma para determinar si un proxecto pode quedar eximido do procedemento de avaliación ambiental establecido nunha lei básica (a lei 21/2013) é xuridicamente discutíbel, alén de introducir incertezas na determinación dos factores ambientais dun territorio que figuran expostos no artigo 35 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Ditas incertezas derívanse de que os indicadores específicos que pretenden representar a incidencia dos factores ambientais sobre un territorio e establecer así o seu grao de sensibilidade ambiental, non son suficientemente precisos ou representativos, especialmente no referido a Galiza.

Por exemplo, a respecto do indicador "**Rede Natura 2000**", existe no caso galego un importante **agravio comparativo** pola escasa representatividade do territorio incluído baixo esta figura de protección con respecto a outras áreas do Estado. A Rede Natura 2000 galega é a máis cativa en porcentaxe, apenas o 11,9% do territorio, moi por baixo da media estatal (27,3%) e da porcentaxe nas comunidades veciñas (Castela e León, 26,1%; Asturias, 26,9%). Este feito deriva da nefasta planificación e aplicación que a Xunta de Galiza realizou desta figura de protección europea e que deu lugar, entre outras causas, á apertura dun expediente (PILOT número EU 4995/13/ENVI) contra o Estado español por parte da Comisión Europea e ao envío dunha carta de emprazamento (2015) na que lle comunicaba a apertura dun procedemento formal de infracción (2015/2003). Alén disto, a Comisión Europea considerou tamén que existiu una práctica xeralizada e persistente en doce comunidades autónomas (entre elas Galiza) e tamén a nivel estatal de non establecer obxectivos de conservación suficientemente detallados e cuantificados.

A Rede Natura 2000 galega puido ser ampliada en dúas ocasións. A primeira, en 2008, cunha proposta presentada no COGAMADS (Consello Galego de Medio Ambiente) que pretendía alongar o territorio protexido baixo esta figura ao 18,3%. Esta proposta pretendía solventar as eivas e necesidades apuntadas pola Comisión na Decisión 2004/813/CEE pola que se adoptaba a listaxe de lugares da Rexión Biogeográfica Atlántica, que para Galiza significaba mellorar a representatividade de determinados hábitats, nomeadamente prioritarios, como os "Queirogais húmidos atlánticos con *Erica ciliaris* e *E. tetralix*" (cód. 4020*), as "Turbeiras altas activas" (7110*) e outros hábitats higófilos de interese europeo como as "Turbeiras de transición e flotantes" (7140). Tamén na posterior Decisión 2006/613/CE pola que se adoptaba a listaxe de espazos da Rexión Biogeográfica Mediterránea, apuntábase a necesidade de mellorar a representatividade doutros dous hábitats máis con presenza en Galiza, os "Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*" (91E0*, prioritario) e os "Prados de sega de baixa altitude" (6510). Porén, e malia a estaren redactadas a memoria e a documentación técnica da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 galega (IBADER2, 2008) esta non chegou a iniciar a súa tramitación formal ao acontecer en 2009 un cambio de goberno na Xunta.

Non foi até o ano 2012 que a administración galega comezou a tramitación formal, coa exposición pública do documento, dunha nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza. Esta proposta foi presentada pola Xunta no Parlamento de Galiza o 21/12/2011 e sometida a consulta pública no Diario Oficial de Galiza de 2/1/2012. Pretendía ao igual que a anterior, mellorar a representación dos hábitats que a Comisión Europea sinalaba como como deficitarios nas súas Decisións, prestando especial atención ao aumento da superficie protexida turbeiras e matogueiras higrófilas, consideradas proritarias pola Directiva 92/43/CEE. Sorprendentemente, a porcentaxe total da RN2000 galega nesta nova proposta, tamén elaborada polo IBADER, era do 15,2%, 3,1% inferior á de 2008.

Sinalamos tamén que con respecto ao indicador **"Hábitats de interese comunitario (HIC)"**, da Directiva 92/43 CEE tanto aqueles hábitats "prioritarios" como os de "interese europeo" son considerados no documento de Zonificación como "indicadores de ponderación". Entendemos que tal consideración para as dúas categorías de hábitats, en especial para os "prioritarios" subvirte a especial protección que a Directiva de Hábitats dá a aqueles que teñen esta categoría última: (art. 1 d): *«tipos de hábitats naturais prioritarios»: tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición presentes no territorio contemplado no artigo 2 cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade habida conta da importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio contemplado no artigo 2.»*.

A relevancia destes hábitats prioritarios fica patente tamén no artigo 6 punto 4 da dita Directiva: *"En caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritarios, unicamente poderanse alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguranza pública, ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente, ou ben, previa consulta á Comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde."*

Deste xeito, ao non considerar no documento de Zonificación a presenza de hábitats prioritarios como un indicador de exclusión, os proxectos que atinxen a estas áreas poderían ser obxecto do procedemento extraordinario e simplificado de avaliación contido no RDL 6/2022, rebaixando as garantías e cautelas ambientais para estes espazos establecidas tanto na antedida Directiva como na lexislación estatal que a transpón.

Outra eiva importante e que xera tamén distorsións á hora de establecer a zonificación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis en Galiza atinxe ao indicador **"Planos de conservación e recuperación de especies ameazadas"**. Acontece que en Galiza está vixente o Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regulamenta o Catálogo galego de especies ameazadas. Neste catálogo figuran 200 especies nas categorías de "vulnerable" (126) e "en perigo de extinción" (74). Porén, destas 200 especies ameazadas catalogadas só 4 delas (1 vulnerable e 3 en perigo de extinción) contan cun plano de conservación ou recuperación aprobado. Son a pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus L.*); o sapoconcho común (*Emys orbicularis L.*); a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitánica Steinbacher*) e o oso pardo (*Ursus arctos*). Este feito condiciona gravemente a protección efectiva das áreas de presenza e áreas críticas para a conservación de moitas especies ameazadas fronte ao desenvolvemento de determinadas actividades potencialmente impactantes, quer os proxectos de enerxías renovábeis.

E dase a circunstancia de que na primeira década de 2000 e especialmente dende 2007 a Xunta de Galiza licitou, adxudicou e recepcionou numerosas asistencias técnicas para a redacción dos planos de conservación e recuperación de máis de 50 especies catalogadas, que infelizmente non foron aínda aprobados e publicados no DOG. Xa que logo, a administración galega conta coa información técnica pertinente para facer efectiva a protección de numerosas especies ameazadas mais estas medidas carecen do necesario soporte legal.

Esta ferramenta de zonificación territorial usada polo Estado para determinar as áreas de implantación das enerxías renovábeis debería contar como indicadores de exclusión, aliás dos territorios incluídos nas propostas de ampliación elaboradas polas comunidades autónomas en resposta aos requerimentos da Comisión Europea, todas as zonas a presenza de hábitats prioritarios. E deberían quedar fóra do procedemento de determinación da afección ambiental ademais das áreas críticas para as especies ameazadas que contan planos de conservación ou recuperación aprobados (indicador de exclusión na zonificación), aquelas outras con presenza de especies ameazadas para as que as administracións dispoñan da información e documentación técnica precisa para a determinación desas áreas críticas, aínda que os instrumentos de xestión nos que deban incluírse non foran aínda aprobados.

Para unha mellor planificación da ubicación de instalacións de xeración de enerxías renovábeis, resulta imprescindible a elaboración dun mapa de zonas de exclusión que recolla criterios que permitan salvagardar a diversidade natural e manter os servizos ecosistémicos. Neste senso, dende ADEGA entendemos que as **áreas de exclusión para a instalación de enerxías renovables** e as súas infraestruturas asociadas deberían abarcar polo menos os seguintes espazos ou áreas, precisando seren incorporados ás ferramentas de zonificación ou planificación territorial:

- a. Espazos declarados Rede Natura 2000 (RN2000) e a súa área de influencia tampón nun mínimo de 10 km, agás que se determine outra en base ás especies ou hábitats que motivaron a súa declaración como espazo protexido ou estea fixada outra nos seus instrumentos de xestión. Así mesmo, os parques actualmente instalados en RN2000 deberían ser retirados unha vez cumprida a súa vida útil, restaurándose a zona atendendo aos valores ambientais que motivaron a súa inclusión en RN2000.
- b. Espazos incluídos na proposta de ampliación RN2000 do ano 2008 elaborada polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) presentada no Consello Galego de Medio Ambiente e a súa área de influencia tampón dun mínimo de 10 km.
- c. Áreas de Importancia para a Conservación das Aves (IBA).
- d. Ámbitos de aplicación dos plans de conservación e xestión de especies ameazadas catalogadas tanto a nivel estatal como autonómico. Deberanse incluír os aprobados e tamén os redactados en poder da administración e que aínda están agardando a seren aprobados.
- e. Zonas de Importancia para os Mamíferos (ZIM).
- f. Outros espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.
- g. Espazos Naturais de Interese Local e Espazos Privados de Interese Natural declarados ao abeiro da Lei de Patrimonio Natural de Galiza.
- h. Zonas Núcleo e zonas Tampón das Reservas da Biosfera.
- i. Paisaxes sobresaíntes incluídas nalgunha figura autonómica ou estatal e en concordancia co Convenio Europeo da Paisaxe ratificada polo Estado Español (BOE núm. 31, do 5 de febreiro de 2008) e/ou incluída na Lei 7/2008 do 7 de xullo de protección da paisaxe de Galiza. Así mesmo, calquera espazo incluído ou proposto nas distintas figuras de ordenación territorial (Directrices de Ordenación do Territorio, Plan de Ordenación do Litoral e Infraestrutura Verde) cun grado de protección.
- l. Zonas RN2000 no ámbito mariño, áreas de importancia para as aves mariñas (IBAS mariñas e corredor migratorio cántabro-atlántico), zonas propostas como ZEPAs no marco do proxecto Intermares, zonas con presenza regular contrastada de aves mariñas ameazadas, así como áreas de importancia para os mamíferos mariños e áreas de interese para os recursos pesqueiros. E, sen excepción, todas aquelas áreas mariñas da plataforma continental e de máis aló do talude continental con carencia dun coñecemento científico suficiente do uso que as aves mariñas (e o resto de aves migradoras, diurnas e nocturnas; así como o resto da biodiversidade mariña) fan delas ao longo do ano, en termos de alimentación, migración, invernada, muda e outros, por un obrigado e inescusable principio de precaución.

En resumo, o RDL 6/2022 supuxo, alén dunha grave eiva para participación pública, dificultando aínda máis a intervención da veciñanza, colectivos sociais e concellos na tramitación de parques que atinxan ao seu territorio, un **agravio comparativo** para con Galiza fronte a outros territorios polo déficit ambiental que arrastra o noso país e que esta norma contribúe a consolidar.

As consecuencias do RDL 20/2022:

Esta norma (RDL 20/2022 de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína e de apoio á reconstrución da illa de La Palma e a outras situacións de vulnerabilidade), publicada no BOE núm. 311, o 28/12/2022, vai moito máis aló que a súa predecesora o RDL 6/2022. Daquela os proxectos eximidos do procedemento ordinario de avaliación ambiental, que ficaba substituída por un "informe de determinación da afección ambiental", non podían superar os 75 MW eólicos. Con este novo RDL o MITERD suprime este límite de potencia para se acoller a esta medida excepcional. Tamén, no decreto anterior, ademais dos espazos da Rede Natura 2000 e do medio mariño, quedaban fóra desta medida excepcional aquelas áreas que na "Zonificación ambiental para a implantación das enerxías renovábeis" elaborada polo propio Ministerio, estaban consideradas como de moderada e alta sensibilidade, incluíndo áreas chave para a conservación de especies protexidas. Na norma recén convalidada, desaparece calquera mención a esta zonificación, e ademais da RN2000 só fican fóra desta medida excepcional os espazos oficialmente protexidos.

Este último decreto supón novamente unha **perda de dereitos cidadás**, comezando polo de participación pública, na avaliación ambiental dos proxectos. Deste xeito, e só co estudo de impacto presentado polo promotor, o Ministerio podería autorizar un parque sen agardar tampouco polos informes preceitivos que teñan que xirar outras administracións. E aínda que a Rede Natura 2000 estea exenta de acoller proxectos susceptibles de someterse a esta tramitación "express", iso non implica necesariamente a ausencia de impactos sobre hábitats e especies para os que as Directivas 92/43 CEE (de Hábitats) e 2009/147/CE (de Aves) establecen unha protección, tanto dentro como fóra da RN2000.

A exención do trámite de avaliación de impacto coas conseguíntes eivas na salvagarda dos dereitos ambientais, **discrimina claramente aos proxectos de renovábeis** fronte a outras iniciativas que seguen estando suxeitas á avaliación ambiental segundo a Lei 21/2013. Deste xeito, podería acontecer que un parque eólico que atinxe milleiros de hectáreas, sen límite algún para a potencia instalada e con quilómetros de pistas, desmontes e liñas de evacuación fiquen exentos, mentras que outros proxectos con menos incidencia territorial deban pasar o preceitivo trámite ambiental.

Esta norma cría tamén unha preocupante **inseguridade xurídica**, xa que as excepcións que introduce poden colidir coa normativa europea. Malia a que a Directiva 2011/92/UE de Avaliación de Impacto deixa unha posibilidade (art. 4) á exención do trámite ambiental, esta só pode aplicarse a proxectos concretos e non a tipoloxías enteiras como é o caso de todas as instalacións eólicas e fotovoltaicas sen distinción. Asemade un recente Regulamento da UE (2022/2577) determina que a planificación das zonas para a implantación de renovábeis debe someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, feito que este RDL 20/2022 tamén obvia.

A consolidación dunha "inxustiza ambiental" para Galiza:

A convalidación do RDL 20/2022 ten como resultado a apertura dunha enorme porción do territorio galego, arredor do 88%, ao aproveitamento eólico xestionado dende o Estado, debido a que Galiza só conta con apenas un 12% de superficie protexida, principalmente baixo a figura da Rede Natura 2000 (fronte á media estatal de máis do 27%; Castela e León, 26%; Asturias, 27%; Madrid case 40%). En consecuencia, a presión das empresas eléctricas para ocupar territorio é en Galiza o triplo de intensa que no resto do Estado, en paralelo cos impactos derivados dunha implantación pouco respectuosa e desordenada.

Esta situación supón un agravio comparativo para Galiza e contribúe a consolidar unha caste de nova "inxustiza ambiental" nun territorio que xa sofre as consecuencias dunha transición enerxética traumática polo que atinxe ás térmicas e electrointensivas.

Galiza, abril de 2023

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)